



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE SADA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL E EMERXENCIAS COLABORANDO NOS GASTOS DE ADQUISICIÓN DUN REMOLQUE DE ACHIQUE.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e polo Decreto 74/2018, do 5 de xullo, que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, á Xunta de Galicia correspóndenlle as competencias en materia de cooperación e colaboración, podendo estas, materializarse mediante a subscripción de convenios.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración co Concello de Sada, en materia de protección civil e emerxencias, entendendo esta como a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do seu coñecemento e do interese na prevención e socorro así como na práctica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos o cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

O Concello de Sada quere reforzar a AVPC existente para prestar a atención debida ao seu territorio e poboación, precisando dos medios básicos entre os que se atopa a necesidade dun remolque de achique para a atención ás emerxencias debidamente equipado.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, ten previsto formalizarse co Concello de Sada o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.





O convenio ten por obxecto establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello de Sada, en materia de protección civil e emerxencias.

Asemade, participar, xunto coa administración autonómica, na organización e realización de operativos, exercicios e simulacros, no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil, colaborando activamente nas campañas planificadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, cos parques de bombeiros locais ou comarcais e cos grupos de emerxencias supramunicipais (GES).

A tales efectos colaborarase economicamente con esta entidade na adquisición dun remolque de achique debidamente equipado para a atención ás emerxencias e operativos de protección civil do seu concello e en determinadas situacións prestar colaboración aos concellos limítrofes.

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva no Concello de Sada por medios propios, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 2020 05 212A 7600 e código de proxecto 2015 00107 dos orzamentos do ano 2020, por un importe de dezaioito mil euros (18.000€) .

Por todo o exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela

Santiago Villanueva Álvarez (asinado dixitalmente á marxe)

